

## DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE MONTACARGAS DE OBRA NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
en representación de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,  
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).
2. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Xeral de Circulación e uso da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 22/05/2006).
3. O montacargas que pretende instalar na rúa \_\_\_\_\_, cumpre as disposicións e requisitos establecidos no Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas, modificado polo Real Decreto 494/2012, de 9 de marzo e no Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, e:
  - Dispón de marcado "CE" e declaración "CE" de conformidade ou, no seu caso, de declaración de adecuación ao disposto no Real Decreto 1215/1997 expedida por un organismo de control autorizado (OCA), manual de mantemento e manual de instrucións de uso.
  - Que o equipo foi sometido aos controles periódicos prescritos pola normativa vixente, mediante un mantemento adecuado para así conservar as mesmas condicións de seguridade que na súa primeira posta en servizo e dispón dun libro de rexistro onde constan os mesmos.
  - Atópase debidamente homologado e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
  - Será montado e desmontado, modificado substancialmente ou inspeccionado no seu caso, por persoal especializado que recibiu unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, que lles permite enfrontarse a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5 de Real Decreto 1215/1997.
  - No caso de dispoñer de alimentación eléctrica a instalación cumpre co requirido no Regulamento de aparellos elevadores; Real Decreto 2291/1985 (coa súa modificación); Real Decreto 1314/1997; Regulamento de seguridade nas máquinas, Real Decreto 1495/1986; e o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, Real Decreto 842/2002.
  - O/A operador/a D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, designado/a para o manexo do montacargas, está debidamente autorizado/a e está cualificado/a, posuíndo a formación preventiva necesaria para tal fin, de conformidade co Real Decreto 1215/1997.
4. Designa a D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, como recurso preventivo responsable das operacións de montaxe e desmontaxe do montacargas, modificación substancial ou inspección no seu caso, e manexo de acordo co artigo 32bis "Presenza dos recursos preventivos" da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
5. Está en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/A declarante,

O/A operador/a do montacargas,

O recurso preventivo,

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_